

## PLAN DE TRABAJO MÚSICA E DANZA:

A materia de música conta cunha carga horaria de 50 minutos á semana. En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina diaria (información sobre a sesión, canción de benvida ou quecementos, parte principal, despedida ou relaxación) permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúns cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A área de música e danza, coma se recolle no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa, organizada en **catro bloques** de contido fundamentais que se desenvolverán de forma gradual e progresiva, estes son:

1. Educación musical: percepción e análise
2. Educación musical: creación e interpretación
3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise
4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación
- 5.

O traballo na materia está organizado ao redor de 3 **unidades didácticas** planificadas de xeito que teñan unha temporalización de carácter trimestral. Por outra banda, tamén se terán en conta as múltiples celebracións e actividades educativas do centro así como a contribución ao Proxecto Documental Integrado escollido polo mesmo, sempre que a temática sexa factible de traballar desde a materia, procurando unhas dinámicas variadas e flexibles.

## AVALIACIÓN:

Serán empregados os seguintes **instrumentos de avaliación** ó longo do curso, sempre en función dos criterios de avaliación (relacionados con cada obxectivo) e momentos determinados polo docente: escala de observación; rexistro anecdótico personal; análise das producións do alumnado; intercambios orais co alumnado; diálogo, asamblea...; probas específicas.

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: **coavaliación e autoavaliación.**

